

Concello de Viveiro

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 5 DE XUÑO DE 2024.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a María Loureiro García

CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández Noriega, D^a. Catalina Fernández Méndez, D^a Miriam Bermúdez García, D^a. Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D^a. María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D^a. Saray Ventura Fernández, D. Vicente Vázquez Chao, D^a. Erea Rivera Vázquez, D. Bernardo Fraga Galdo e D. Manuel Galdo Dopico.

SECRETARIA XERAL

D^a. Mari Luz Balsa Rábade.

No salón de Sesiões, sendo as 19:30 horas do día 5 de xuño de 2024, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Asiste telemáticamente D. Eleazar José Rodríguez Abuín.

Non asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

ORDE DO DÍA

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 8 DE MAIO DE 2024.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 13 DE MAIO DE 2024.

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓNS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE.-3481/2024

EXPTE.-3786/2024

EXPTE.-3788/2024

EXPTE.-3662/2017

EXPTE.-3614/2017

EXPTE.-3400/2018

4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA INICIACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A INVESTIGACIÓN DE OFICIO DUN CAMIÑO NAS PALLAREGAS (EXPTE.-8248/2023)

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE USO E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DE



Concello de Viveiro

VIVEIRO. (EXPTE 1102/2019).

6.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS PARA A SACADA DE MADEIRA (EXPTE 3835/2020).

2ª PARTE:
PARTE DECLARATIVA

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA O CUMPRIMENTO DOS PROCEDIMENTOS, NORMATIVA E CONTROL ORZAMENTARIO.

3ª PARTE:
PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

1ª PARTE
PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 8 DE MAIO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 08/05/2024.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 13 DE MAIO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 13/05/2024,

3.- CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓNS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE.-3481/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 3481/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Grupo: San Julián, Cadro: 5, FILA: B, Número: 1-2** que figura no título concesional a nome de Don Francisco López Vázquez por transmisión Mortis Causa a favor do seu fillo don Jesús López Hermida.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Grupo: San Julián, Cadro: 5,**



Concello de Viveiro

FILA: B, Número: 1-2 que figura no título concesional a nome de don Francisco López Vázquez, pasando a ser titularidade do seu fillo Don Jesús López Hermida.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 01/09/1996), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 01/09/2021, o da 2ª renovación o **01/09/2046**, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **01/09/2046**.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 01/09/2046.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3786/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 3786/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santiago, Cadro: 7, FILA: B, Número: 3-4**, que figura no título concesional a nome de Don Manuel Hermida Milia, por transmisión Mortis Causa a favor do seu fillo don Jesús María Hermida Rivas.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos **nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santiago, Cadro: 7, FILA: B, Número: 3-4**, que figura no título concesional a nome de don Manuel Hermida Milia, pasando a ser titularidade do seu fillo Don Jesús María Hermida Rivas.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 16/02/1990), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos,



Concello de Viveiro

producíndose o remate da 1ª renovación o 16/02/2015, o da 2ª renovación o 16/02/2040, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 16/02/2040.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 16/02/2040.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3788/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 3788/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santiago, Cadro: 7, FILA: B, Número: 1-2**, que figura no título concesional a nome de Don Manuel Hermida Milia, por transmisión Mortis Causa a favor do seu fillo don Manuel Ángel Hermida Rivas.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos **nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santiago, Cadro: 7, FILA: B, Número: 1-2** que figura no título concesional a nome de don Manuel Hermida Milia, pasando a ser titularidade do seu fillo Don Manuel Ángel Hermida Rivas.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 16/02/1990), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 16/02/2015, o da 2ª renovación o 16/02/2040, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 16/02/2040.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 16/02/2040.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.



Concello de Viveiro

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3662/2017

Resultando que se está tramitando o expediente número 3662/2017 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Grupo: San Germán, Cadro: 1, FILA: 16, Número: 1-2-3 e 4**, que figura no título concesional a nome de Dona Dolores Arias Polo e hijos, por transmisión Mortis Causa a favor do súa filla Josefa López Arias.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Grupo: San Germán, Cadro: 1, FILA: 16, Número: 1-2-3 e 4**, que figura no título concesional a nome de dona Dolores Arias Polo e Hijos, pasando a ser titularidade da súa filla Dona Josefa López Arias.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 17/01/1996), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 17/01/2021, o da 2ª renovación o 17/01/2046, e enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **17/01/2046**.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 17/01/2046.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.



Concello de Viveiro

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3614/2017

Resultando que se está tramitando o expediente número 3614/2017 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da sepultura **sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Cadro: 1, FILA: 4, Número:12**, que figura no título concesional a nome de Don Josefa González Míguez por transmisión Mortis Causa a favor da súa filla dona María Dolores Rodríguez González.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Cadro: 1, FILA: 4, Número: 12**, que figura no título concesional a nome de Dona Josefa González Míguez pasando a ser titularidade da súa filla Dona María Dolores Rodríguez González.

SEGUNDO. Informar á interesada que no presente cambio de titularidade, rematou o prazo máximo de concesión 75 anos, e constando como data da primeira concesión o 21/12/1939, a concesión remataría o 21/12/2014.

Por tanto, en aplicación do artigo 27 do Regulamento Xeral de Servizos Mortuorios, que establece que: “ **Finalizado o prazo máximo de concesión, os titulares da mesma terán dereito preferente a que se lles adxudique novamente a parcela,cando a entidade das obras realizadas e as circunstancias así o aconsellen**”.

Polo tanto rematando o prazo da concesión orixinal o 21/12/2014, computándose o prazo máximo de outorgamento dende esa data, debendo de solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 21/12/2039, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 21/12/2039.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3400/2018



Concello de Viveiro

Resultando que se está tramitando o expediente 3400/2018 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, CADRO: 5, RINGLEIRA: 7, NÚMERO: 18 (inventario 20), que figura no título concesional a nome de don Eduardo Eugenio Díaz Alvaríño, por transmisión Mortis Causa a favor da súa filla María José Díaz Alvaríño.

Visto que no expediente consta informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña e visto o informe da técnico xurídico do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, CADRO: 5, RINGLEIRA: 7, NÚMERO:18(inventario 20), que figura no título concesional a nome de don Eduardo Eugenio Díaz Alvaríño, pasando a ser titularidade da súa filla dona María José Díaz Alvaríño.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 30/08/1993), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, **producíndose o remate da 1ª renovación o 30/08/2018, e o remate da 2ª renovación o 30/08/2043 enténdese con este acordo a concesión funeraria renovada ata a data 30/08/2043.**

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación tres meses antes de dita data 30/08/2043.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO. Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

4.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA INICIACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A INVESTIGACIÓN DE OFICIO DUN CAMIÑO NAS PALLAREGAS (EXPTE.-8248/2023)

Visto o expediente para a iniciación de expediente para a investigación de oficio dun camiño nas Pallaregas,

Vistos os informes obrantes no expediente.

Vista a proposta da Alcaldía obrante no expediente, que se transcribe a continuación:



Concello de Viveiro

"María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Resultando que neste Concello se presentou escrito por parte de D. Constantino Prieto Vázquez, en nome e representación de D. Francisco Pigueiras Martínez, no que sinalan que segundo consta nas escrituras de titularidade das parcelas colindantes co referido camino, existe un vial que vai dende o vial municipal número 270, entre as parcelas con referencias catastrais 001702000PJ13E00001DP e 001702100PJ13E0001XP, rematando na colindancia coa parcela con referencia catastral 27067A02600543, argumentando que estas parcelas colindan con "camino", polo que consideran a existencia de "camino vecinal", solicitando que por parte do Concello se garanta a súa integridade e mantemento. Aportan informe pericial de estudo da zona no que se conclúe a existencia do referido camino, recollendo, a maiores da referencia aos lindeiros das correspondentes escrituras, alusión aos servizos públicos existentes no vial e aos lindeiros que constan no catastro histórico.

Tendo en conta que, segundo consta no expediente, o vial referido non consta no inventario municipal.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que según establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación e antes de acordar a apertura do expediente, procederase a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da Secretaría Municipal en orde á apertura de dito expediente, e tendo en conta as dúbidas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investigación de oficio sobre a existencia do referido camiño.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrírase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós efectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.

Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio dun camiño en Pallaregas-Covas, cun trazado dende o vial municipal número 270 entre as parcelas con referencias catastrais 001702000PJ13E00001DP e 001702100PJ13E0001XP, rematando na colindancia coa parcela con referencia catastral 27067A02600543.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de inicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, aos efectos de que poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación."



Concello de Viveiro

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urbano e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio dun camiño en Pallaregas-Covas, cun trazado dende o vial municipal número 270 entre as parcelas con referencias catastrais 001702000PJ13E00001DP e 001702100PJ13E0001XP, rematando na colindancia coa parcela con referencia catastral 27067A02600543.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de inicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, aos efectos de que poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar á Alcadesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE USO E APROVEITAMENTO DAS PRAIAS DE VIVEIRO. (EXPTE 1102/2019).

Visto o expediente que tramitado no Concello de Viveiro relativo a tramitación e aprobación da "Ordenanza de uso e aproveitamento das praias de Viveiro".

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de infraestructuras e obras no medio rural, medio ambiente e medio rural.

Resultando que en data 7 de marzo de 2024, se acordou polo Pleno da Corporación a aprobación inicial da referida Ordenanza, sendo exposta ao público por prazo de trinta días hábiles sen que se tivesen presentado alegacións. Non obstante detectouse un erro de feito no texto da ordenanza, toda vez que da análise conxunta do seu articulado se denota una incongruencia no que atinxe ao artigo 40j) en consonancia cos artigos 3j) e 19.2, polo que procede a súa corrección no acordo de aprobación definitiva da ordenanza.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, explicando o punto a tratar, indica que unha vez pasados todos os prazos para a súa aprobación incluído do prazo de alegacións non houbo ningunha alegación. Comenta que o que supón un cambio máis notorio nesa ordenanza é a regulación da presenza dos animais nas praias, no título 6 establecéndose a praia de Seiramar como praia de convivencia entre as persoas e os animais. Explica tamén o horario de presenza de animais



Concello de Viveiro

no resto das praias, excepto as de bandeira azul. Informa, con respecto á preocupación pola posible existencia de excrementos no areal, que o servizo de limpeza comeza ás 6 da mañá e polo tanto non debería darse ningún problema.

Intervén D. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que este asunto xa foi debatido e non ten moito que engadir. Comenta que a única preocupación é, quen sería o encargado da vixilancia, aínda que considera que debe de ser a Policía Local. Matiza que está de acordo con que a en algunha praia poidan acceder as mascotas pero consideran que na praia de Covas non deberían poder, debido a que de ese xeito non optaría a ser Bandeira Azul. Engade que no xornal de ese día había un comentario dun lector que manifestaba dúbidas sobre o horario no que son admitidos os cans na praia, polo que solicita que se informe con maior claridade para evitar problemas.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que están a favor da aprobación da ordenanza, considerando que haberá que poñela en práctica e se hai algunha algunha matización que facer, farase máis adiante.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando do voto a favor da ordenanza.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que con respecto á vixilancia cóntase con plena disposición por parte do Seprona. Indica que a Bandeira Azul na praia de Covaas non se obtén debido á falta de socorristas e matiza que se a praia a obtivese, nese intre os animais xa non terían acceso ao areal, tal e como regula a ordenanza. Con respecto a información dos horarios sinala que se prevé instalar carteis informativos nas praias onde se indicarán os horarios.

Intervén D. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalando que ela entendeu perfectamente o horario pero hai cidadáns que non o entenderon e considera que deberían de explicalo ben nos medios de comunicación. Con respecto á vixilancia considera que non se lle respondeu á pregunta, e entende que aínda que o Sepropa axude non ten competencia e reitera a pregunta de a que se ten que dirixir a poboación se alguén incumpre a ordenanza.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, matizando que con respecto aos socorristas a Xunta saca a convocatoria moi tarde, o que provoca problemas para contar con socorristas, aparte da problemática derivada de que hai poucos profesionais neste sector. Informa que este ano hai dous días que saíu a convocatoria e cos procedementos necesarios para contratar van a acabar cos trámites a mediados de agosto, puntualizando que ese problema xurde ano tras ano. Comenta que o mesmo problema, aínda que nese caso foron mellorando, había nas brigadas en incendios. Conclúe dicindo que ese problema téñeno todos os concellos que non teñen socorristas na súa plantilla como fixos discontinuos.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que como todas as materias das que é responsable a Policía Local, velarase con todos os medios dos que dispoña o concello para que se cumpra a ordenanza.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 10 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo Municipal do PP, co seguinte contido:

Primeiro.- Acordar a corrección do erro de feito detectado no artigo 40)), solventando a incongruencia existente entre este artigo e os artigos 3j) e 19.2, quedando redactado do seguinte xeito:

“(…)



Concello de Viveiro

j) O acceso, circulación ou permanencia de animais domésticos nas praias dende o 15 de xuño ao 15 de setembro no horario de baño establecido polo Concello, salvo os cans guía que acompañan ás persoas que os precisen, sempre que logo de ser debidamente advertidos da prohibición existente non procedan a retiralos do lugar.

Segundo.- Aprobar definitivamente a “Ordenanza de uso e aproveitamento das praias de Viveiro”, coa corrección de erros acordada no punto primeiro.

Terceiro.- Publicar o texto íntegro da Ordenanza, coa corrección de erros acordada, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

6.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS PARA A SACADA DE MADEIRA (EXPTE 3835/2020).

Visto o expediente tramitado para a aprobación inicial da ordenanza reguladora do uso común especial dos viais municipais para a sacada de madeira.

Visto o informe de Secretaría obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente, tras a realización segundo acordo da propia Comisión Informativa de cambios puntuais no textom pola Comisión Informativa de infraestructuras e obras no medio rural, medio ambiente e medio rural.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Juan Ramón Martínez Castro, Concelleiro de Medio Rural, Saneamento e Abastecemento de Auga, Sector Forestal e Mantemento de Espazos e Zonas Verdes, explicando a ordenanza e comentando que é unha ordenanza necesaria para velar polos viais de titularidade municipal, tendo en conta que o sector da madeira é un dos principais motores socioeconómicos dos concellos da Mariña. Engade que se trata dunha ordenanza consensuada, coa convocatoria e reunións previas cos madeireiros e os produtores para chegar a unha ordenanza consensuada. Comenta que considera que as melloras son evidentes, quitándose a limitación cando chove e esixindo seguro de responsabilidade civil no canto do aval que era mais complexo de tramitar, axilizando tamén o rexistro e comunicacións permitindo o uso de calquera plataforma adecuada para ese fin, indicando que a empresa Lugomadera que é a que mais traballa no Concello conta coa plataforma Notifor. Destaca que seguirán en contacto continuo co sector para aspectos importantes co fin de manter os viais nas mellores condicións como poden ser os sitios de almacenamento da madeira, etc.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, indicando que a ordenanza esta vez recolle as demandas do sector, entendendo que a anterior ordenanza xeraba moitos conflitos entre os madeireiros e o concello. Considera que o tema do Notifor vai a ser un avance grande para ambas partes e ten seguridade xurídica, inclusive para eles. Segue a súa intervención considerando que o aval tampouco era operativo nin para o Concello nin para os maderistas. Informa que van votar a favor da ordenanza xa que consideran que é necesaria e invita a que sigan cos puntos de almacenamento de madeira para ir mellorando pouco a pouco.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que van votar a favor da ordenanza e recorda que anteriormente xa houbo unha ordenanza que non se puido levar a cabo, alegando que na anterior ordenanza puxérase a restrición de non poder traballar cando chovera, sinalando que se fixera porque moitas veces operaban varias empresas nunha zona e despois ninguén se responsabilizaba dos danos causados nos viais. Desexa que con esta nova ordenanza funcione o tema do arranxo das pistas, comentando que está na sala o



Concello de Viveiro

anterior concelleiro encargado destes temas e recorda que andaba detrás dos madeireiros sempre e estes poñían aos donos dos montes en contra do Concello. Entende que o problema non é a saca de madeira, senón que o problema son os autocargadores. Desexa que a ordenanza funcione e solvente estes problemas, considerando que con esta ordenanza fíxose o que querían os madeireiros e remata afirmando que o sector forestal é un pulmón importante na economía da zona.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando necesaria esta ordenanza e entende que débelle dar o beneficio da dúbida, indicando que os problemas pasados son pasados. Informa que van votar a favor da ordenanza, aínda que na anterior votaron en contra, considerando que, coas modificacións que tivo, cumpre co parágrafo 3 do preámbulo que di que hai que facer convivir o sector forestal co resto dos usuarios dos camiños públicos do Concello. Entende que cumpre con un gran servizo, con sentidío e se máis tarde se ven dificultades irase modificando. Alega que o sector forestal padece as infraestruturas de fai 100 anos e invita a mellorar o futuro para arranxar eses problemas e mellorar os viais e camiños.

Intervén D. Juan Ramón Martínez Castro, Concelleiro de Medio Rural, Saneamento e Abastecemento de Auga, Sector Forestal e Mantemento de Espazos e Zonas Verdes, matizando tres puntos, sinalando que o uso de Notifor non exime do réxime sancionador. Matiza que a ordenanza non foi como quixeron os madeireiros, senón que eles expuxeron algunhas cuestións e algunhas aceptáronse e outras non, engadindo que foi unha negociación. Recalca que como din poden xurdir cuestións e valorarase no seu caso a necesidade de modificación da ordenanza en base a elas.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, considerando que no Notifor, con fotos do estado dos viais antes da corta e despois, entende que estas serían probas para un conflito se o houbese. Afirma que o sector da madeira é un sector puxante economicamente aínda que deben regularse os problemas que poida implicar o corte e traslado da madeira.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do uso común especial dos viais municipais derivada dos aproveitamentos forestais, segundo o texto ditaminado na Comisión Informativa.

Segundo.- Acordar a exposición ao público por prazo de trinta días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación, no seu caso, de reclamacións e suxerencias. No caso de que non se tivesen presentado reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización de todos os trámites precisos para levar a efecto o acordado nos puntos anteriores, así como para levar a efecto os preceptos da ordenanza.

2ª PARTE:

PARTE DECLARATIVA

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA O CUMPRIMENTO DOS PROCEDIMENTOS, NORMATIVA E CONTROL ORZAMENTARIO.

Vista a moción presentada por o grupo municipal PP que se transcribe a continuación:

“María del Carmen Gueimunde González, como portavoz del Grupo Municipal del Partido Popular de Viveiro, en base a lo dispuesto en el artículo 97.2 del Reglamento de Organización, funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de Noviembre, viene a formular para debate y aprobación, si procede, en el próximo pleno ordinario la siguiente MOCIÓN con acuerdo único:



Concello de Viveiro

INSTAR AL GOBIERNO DE VIVEIRO A CUMPLIR ESCRUPULOSAMENTE CON LOS PROCEDIMIENTOS Y LA NORMATIVA PRESUPUESTARIA.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, explicando a moción. Comenta que detectaron polas actas da Xuntas de Goberno Local, que son públicas e que todas as semanas pódense ver na Sede Electrónica do Concello, a existencia dunha gran cantidade de expedientes de facturas, especialmente do ano 2023, para recoñecer obrigas sen seguir os trámites oportunos, ou ben sen licitación ou sen os procedementos requiridos. Indica que hai un incremento de facturas sen proposta pendentes de pago mediante recoñecemento extraxudicial de crédito. Matiza que de maio a maio foron 200 facturas sen proposta de gasto, habendo facturas tramitadas mediante contratos menores cando saben que o que é recorrente debe licitarse, sendo necesaria unha planificación contractual. Sinala que hai contratos menores que implican subvencións en especie e fai referencia ao que pasou coas axudas ao clubs e asociacións. Engade que se detectou que algunhas asociacións ou clubs recibiron a través de pagos de material, axuda para os autobuses, etc. e certas vantaxes en comparación con outras que non recibiron nada. Comenta que xustifican estes actos de incumprimento da normativa con un alto volume de traballo e pregúntanse porque non saíu a praza dun técnico de contratación na RPT, reprochando que se utiliza o contrato verbal como fórmula substitutiva sen saber se existen fondos para afrontar o gasto e entende que estes contratos ponte xa non son excepcionais. Indica tamén que esas facturas hai que pagalas xa que a xente ten que cobrar e informa que hai casos de comunidades de bens que tamén facturan, cando se informa que non é posible. Entende que de todo isto deriva da inexistencia de planificación, sendo todo produto da improvisación, saltando os procedementos para salvar as situacións, arríscandose en incorrer en nulidade o responsabilidades patrimoniais tanto das autoridades como do persoal da administración.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, reprochando que o normal é que se presente unha moción con unha exposición de motivos ou argumentario e non chegar ao pleno e soltar o que se queira e ter que contestar directamente a todo nese intre por parte do resto de grupos. Indica que van votar a favor da moción xa que non van ir en contra da lei. Solicita que lle diga unha sola comunidade de bens que teña facturación co Concello nos dous últimos anos, xa que intervención non deixa coller esas facturas. Informa que os contratos menores se non pasan de 15000 € non hai que litalos e tamén informa que por parte de secretaría hai un calendario coas licitacións. Engade que en toda a súa vida laboral non viu tanto papel enriba das mesas e suxire que as administracións superiores deberían facilitar apoio para poñer en práctica a LCSP do 2018, e considera que quen fixo a lei parece nunca foi a comprar a unha ferretería, dado que unha sola factura ten que levar unha serie de procedementos e papeleo que resulta inadecuado. Engade que se ven tratando de mellorar para que os provedores cobren en tempo e forma.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que se vai cubrir a praza de técnico de contratación, prevéndose que sexa a final de ano, porque para poder sacala era necesario que quedase taxa de reposición liberada. Informa que esas facturas son de antes da entrada no goberno do BNG e puntualiza que a día de hoxe todas as facturas levan os trámites oportunos.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que se van ceñir ao que di o punto do acordo e polo tanto van votar a favor da moción. Sinala que como di a concelleira do PP, hai xestións que correxir e ínstase a que as corrixan, matizando que se xa están corrixidas mellor, e se non que se faga.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que lle parecía moi forte reproducir na exposición de motivos da moción



Concello de Viveiro

a circular de secretaría e intervención. Apunta que toda a exposición que fixo na súa primeira intervención se refire a esa circular, puntualizando que esa circular non é a primeira xa que nela se fai referencia a outras do 20 de decembro de 2022 de cara ao 2023, e aínda así reprocha o que pasou en 2023. Apunta que no 2023 fixéronse facturas por valor de 835.000€ que non estaban consignadas despois da emisión da circular. Alude as palabras da concelleira do BNG e puntualiza que o seu partido xa formaba parte do goberno e entende que non pode desmarcarse. Recórdalle que forma parte do goberno e tamén xera gastos sen consignación orzamentaria e polo tanto considera que é tan responsable como a Sra. Alcadesa do que está a pasar. Con respecto ás palabras do concelleiro de Facenda informa que a referente ás comunidades de bens da que fala, está na circular de secretaría e intervención. Tamén alega que hai veces que unha soa empresa factura 41.000 € anuais e tamén que varias empresas facturan para un mesmo fin sobre 100.000 € que se repiten ano tras ano sen que aparezan esas contratacións na mesa de contratación; polo tanto considera que non é algo puntual. Recorda que dende febreiro deste ano hai 73 obrigas sen proposta.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, indicando que esas facturas son anteriores a esa data porque as empresas non facturan ao momento. Entende que hai que axustarse á normativa vixente e puntualiza que a licitación dos contratos non a ten que facer o equipo de goberno senón que a teñen que facer os funcionarios, sinalando que ás veces quérese pero non se da chegado, e desexaría ter o técnico de contratación agora mesmo pero non é posible. Entende que se se quere sacar todo a licitación deberían parar o concello e só dedicar todos os medios a sacar a licitación os contratos. Informa que dende 2018 van mais de 180 contratos, recordando que coa flutuación do mercado os contratos teñen pouco tempo de vigor xa que cos cambios de prezos as empresas non se presentan se o período é moi longo e iso implica máis movemento de licitacións, engadindo que hai queixas sobre este aspecto de todas as administracións.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, recordándolle que é responsabilidade do seu posto non faltar á verdade e non terxiversar para non confundir a realidade. Informa que as facturas son anteriores e as que se refiren ás súas áreas veñen dun contrato finalizado, e indica que o BNG fixo todo o necesario para resolver a situación e normalizala.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, reiterando que non se cumpre coa normativa e espera que a partir de agora se cumpra. Diríxese á primeira tenente de alcaldía mencionándolle o expediente 1949 do 14 marzo do 2024 conformando unha factura sen a tramitación de contratos menores, entendendo que o que pretende é desmarcarse e insiste en que son responsables e invita a que explique o gasto de dous ordenadores para o seu grupo.

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, pregándolle á Sra. Alcadesa que reprima á primeira tenente de alcaldía para que teña unha pouca de educación xa que estase a rir mentres intervén a voceira do grupo municipal do PP.

Intervén a Sra. Alcadesa reprochándolle que dende o PP en ocasións sucede o mesmo.

Continúa a intervención D^a. María del Carmen Gueimunde González en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, insistindo que non se pode desmarcar debido a que ela tamén está a cometer o mesmo tipo de fraudes, e di que se quere dálle copia despois, invitándoa a que no publique nas redes sociais e sinalando que lle pode dicir en que Xunta de Goberno Local ten que ir buscar a información. Remata desexando que a situación se reconduza.

Intervén a Sra. Alcadesa informando que está a favor do acordo da moción, pero comenta que ás veces non se chega a poder ter todas as tramitacións en regra e nun momento dado non se puideron facer propostas dado que o servizo colapsouse con tantas propostas que había e informa que agora hai persoal para levalas día a día. Puntualiza que a aprobación do recoñecemento extraxudicial é legal. Sinala que agora xa poden levarse as propostas ao día.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:



Concello de Viveiro

Primeiro: Instar ao goberno de Viveiro a cumprir escrupulosamente cos procedementos e a normativa orzamentaria.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

2.- MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLA ALCALDÍA A FIN DE APROBAR A CANDIDATURA DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA DE RECOÑECIMENTO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA.

Vista a moción presentada por urxencia pola Alcaldía que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN DE ALCALDÍA A FIN DE APROBAR LA CANDIDATURA DEL AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO PARA CONCURRIR A LA CONVOCATORIA DE RECONOCIMIENTO COMO CIUDAD AMIGA DE LA INFANCIA

*La iniciativa **Ciudades Amigas de la Infancia**, liderada por UNICEF España, tiene como objetivo general promover la aplicación de la Convención sobre los Derechos del Niño (ONU, 1989), ratificada por nuestro país en 1990, en el ámbito de los Gobiernos Locales.*

***Ciudades Amigas de la Infancia** tiene como visión que todo niño, niña y adolescente disfrute de su infancia y adolescencia y desarrolle todo su potencial a través de la realización igualitaria de sus derechos en sus ciudades y comunidades. Con el fin de hacer realidad esta visión, los gobiernos locales y sus socios identifican sus metas (resultados) en las cinco esferas de objetivos generales, que recogen los derechos contenidos en la Convención sobre los Derechos del Niño. De esta forma una ciudad o comunidad cuenta con una gobernanza amiga de la infancia, al trabajar para alcanzar estos objetivos:*

*Cada niño, niña y adolescente es valorado, respetado y tratado justamente dentro de sus comunidades;
Las voces, necesidades y prioridades de cada niño y niña se escuchan y se consideran en las normativas y políticas públicas, en los presupuestos y en todas las decisiones que les afectan;
Todos los niños y niñas tienen acceso a servicios esenciales de calidad;
Todos los niños y niñas viven en entornos seguros y limpios;*

Todos los niños y niñas tienen la oportunidad de disfrutar de la vida familiar, el juego y el ocio.

Ciudades Amigas de la Infancia se puso en marcha en España en el año 2001 y cuenta con el apoyo del Ministerio de Juventud e Infancia, la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y el Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades y Derechos de la Infancia y la Adolescencia (IUNDIA) y UNICEF España, quienes constituyen la Secretaría Permanente de la Iniciativa.

A través del Reconocimiento Ciudad Amiga de la Infancia, UNICEF Comité Español destaca a aquellos gobiernos locales comprometidos con los cinco objetivos de derechos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de gestión desde un enfoque de derechos del niño, y que lo hacen bajo un sistema de gobernanza que favorezca la coordinación interna y externa, que promueva y genere mecanismos reales de participación infantil y adolescente y que cuente con una estrategia a largo plazo para incorporar a la infancia y adolescencia en el centro de las políticas y acciones impulsadas desde los gobiernos locales.

La Secretaría Permanente de la Iniciativa Ciudades Amigas de la Infancia determinará el si se le concede la condición de Reconocido de acuerdo a lo establecido en las bases del reconocimiento de la convocatoria de aplicación.

Considerando que Ciudades Amigas de la Infancia y el reconocimiento Ciudad Amiga de la Infancia favorecerán los intereses de la población en general y de la infancia en particular; considerando, además, que nuestro municipio (u otro gobierno local) cumple con los requisitos estipulados en las bases de la convocatoria abierta por UNICEF España; y manifestando nuestra voluntad de contribuir activamente a la difusión y aplicación de la Convención sobre los Derechos del Niño en nuestra localidad.



Concello de Viveiro

Propongo al Pleno Municipal :

Solicitar a UNICEF España iniciar los trámites para la obtención de la condición de Reconocido del Reconocimiento Ciudad Amiga de la Infancia; así como contar con su posterior apoyo y colaboración para el desarrollo, la mejora continua y la innovación de las políticas de infancia y adolescencia en nuestra localidad."

Intervén a Sra. Alcadesa explicando a moción e a urxencia da mesma. Indica que por parte do departamento de Xuventude calcularon mal os prazos e pensaron que podía ir a xullo e acaba o prazo esta semana.

Procedese á votación da urxencia da moción e aprobase por unanimidade a urxencia da mesma.

Intervén a Sra. Alcadesa, que procede á lectura da moción e explicando que este punto forma parte do proceso para aprobar a candidatura do Concello de Viveiro para concorrer á convocatoria de recoñecemento como cidade amiga da infancia que veu varias veces a tramitación a pleno. Remata dando as grazas a todos por votar a favor da urxencia da moción.

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta obrante no expediente, co seguinte contido:

Primeiro: Solicitar a UNICEF España iniciar os trámites para a obtención da condición do Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia; así como contar co posterior apoio e colaboración para o desenrolo, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

Intervén a Sra. Alcadesa, dando as grazas por votar a favor da urxencia da moción.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 02/06/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-1717).

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

"El paseo marítimo de Covas, que discurre durante varios kilómetros en paralelo a la ría de Viveiro y a la playa de Covas, es considerado uno de los paseos costeros más importantes de la geografía gallega. Sus vistas, sus espacios ajardinados, la proximidad del parque Pernas Peón, las formaciones rocosas de "Os Castelos", los diferentes accesos a la playa o el espigón, lo convierten en una zona de paseo muy transitada durante todo el año, tanto por los vecinos como por nuestros visitantes.

A lo largo del recorrido del paseo marítimo, entre el puente de la Misericordia y las proximidades de la playa de Seiramar, además de un inmejorable entorno, podemos apreciar un deterioro, cada vez mayor, consecuencia de una clamorosa desatención y de una falta de mantenimiento por parte del gobierno local durante años, algo que no resulta comprensible al tratarse de un escaparate y un espacio representativo de nuestra ciudad.

La suciedad y un aspecto ennegrecido por la falta de pintura son unas constantes a lo largo del muro que separa el paseo de la playa. Aunque esto también se hace patente en las pérgolas del paseo. De las cinco que hay, solamente se ha pintado una, y hace años, quedando las otras cuatro con un aspecto manifiestamente mejorable.

Además de algunas farolas rotas, bancos de piedra deteriorados (alguno también roto), o zonas ajardinadas a lo largo de todo el paseo con hierbas altas sin desbrozar a las puertas del verano, también vemos como bastantes baldosas del paseo están rotas o deterioradas.

En la carretera que discurre por la Avenida Luis Cebreiro, paralela al paseo marítimo, se aprecian a simple vista,



Concello de Viveiro

en distintos puntos, importantes baches en el firme que sufren los propietarios de los vehículos que circulan por ella.

Estos baches se aprecian especialmente en el tramo que discurre adyacente al parque Pernas Peón y al Campo Municipal de Cantarrana, haciéndose especialmente patentes en las proximidades del cruce que une el parque, el campo y el paseo.

En la carretera también se ve como las señales pintadas en el suelo y los pasos de peatones necesitan una capa de pintura. Algunas señales verticales también necesitan una mejora.

En varias de las duchas de la playa, sino la mayoría, hay pintadas que no dan la mejor imagen a las entradas de la misma.

Pero hay otra parte del paseo, el espigón, que no se libra de la desidia del gobierno municipal. En él se aprecia cómo varias de las luminarias empotradas en los laterales del suelo del espigón ya no funcionan, y algunas ya ni se ven.

También en el espigón, hay bastantes barandillas que separan el paseo de las rocas que están partidas o, directamente, desaparecidas, con el consecuente peligro que ello puede suponer.

Por lo expuesto anteriormente, ROGAMOS:

Que el gobierno municipal adopte las medidas necesarias para reparar los numerosos desperfectos del paseo marítimo de Covas, y que se corrijan las deficiencias causadas por el abandono y la falta de mantenimiento de uno de los espacios más emblemáticos de nuestra ciudad."

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, recoñecemento que son conscientes do estado do paseo marítimo e informa que as luminarias vanse arranxar coa nova contratación do contrato da luz e o resto de cuestións que están pendentes de arranxar requiren un orzamento do que non dispoñen nese intre para poder facer as actuacións.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, considerando que se pretenden seguir sendo referente turístico non poden ter ese paseo así. Comenta que unha forma de demostrar o peso político é acudir á administración competente, neste caso a Costas e solicita que por parte da Tenencia de Alcaldía e da Alcaldía se unan forzas e actúen conxuntamente e dese xeito se axilicen as melloras do paseo. Por outro lado recorda que hai un decreto de alcaldía de xuño de 2007 onde hai un compromiso de conservación e mantemento das obras do espigón e reprocha que as tarefas de mantemento brilen pola súa ausencia. Remata rogando que este ano se hai socorristas na praia de Covas non se faga como en anos anteriores que instalaron unha caseta de obra metálica para eles.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 02/06/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-1718).

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

"No Plan de Cooperación 2022 da Deputación de Lugo cos concellos se actuou na parroquia de Covas, mais concretamente nas Pallaregas. As obras consistiron na reposición do firme do viario denominado pista Ponte Feve-Casería, e parte do ramal da vía de Vilar de Abaixo-O Rego, que da acceso ás vivendas de Porta Leira. O orzamento deste proxecto foi de 129.882,11 euros. Nesta actuación quedou pendente de arranxar o inicio desta vía dende a Fonte de Covas ata a Ponte de Feve, atopándose esta zona en moi mal estado, con moitas fochancas e afundimentos do firme.

ROGO

Se teña en conta este tramo da vía que quedou sen arranxar na seguinte convocatoria do Plan de Cooperación ou outros nos que se poda incluír."



Concello de Viveiro

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que é cuestión de prioridades e as obras seguirán segundo se dispoña de orzamento para facelas.

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que non se entende que nunha construción empecen a obra polo tellado, xa que arranxouse a zona que mellor estaba, e indica que non sabe se foi por prioridades de amizade ou de que outro tipo.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 31/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-3378).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

"Camiño Real de Vieiro.

No Camiño Real de Vieiro, os tramos da Estacada á Granxa e da Xota ata pouco antes da escola, teñan abondosa maleza, feito que fai estes tramos practicamente intransitables, como se pode ver nas imaxes que se xuntan.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para o desbroce urxente dos mencionados tramos do Camiño Real de Vieiro."

Intervén D. Juan Ramón Martínez Castro, Concelleiro de Medio Rural, Saneamento e Abastecemento de Auga, Sector Forestal e Mantemento de Espazos e Zonas Verdes, dando as grazas polo rogo e afirmando que son conscientes do estado dese tramo e doutros moitos, informando que teñen que adoptar prioridades cos medios cos que se conta e di que algunhas zoas son máis prioritarias que outras.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que con esta primaveira tan chuviosa complicouse máis e hai que facer algo.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 31/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-3379).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

"Aparcadoiro pavillón municipal de deportes.

O aparcadoiro do pavillón municipal de deportes unicamente conta con sinalización horizontal na zona de aparcamento destinada a autocaravanas. O resto do aparcadoiro carece de sinalización que delimite as prazas de aparcamento para os outros tipos de vehículos e tamén de viais interiores indicativos da entrada, saída e sentidos de circulación, este feitos fan que en días de alta ocupación se poidan producir situacións de risco para os usuarios.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para dotar da sinalización proposta ó aparcadoiro do pavillón municipal de deportes."

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que estase elaborando un Plan de Mobilidade, sendo obxecto de estudo nese plan todos os estacionamentos do concello, e indica que cando teñan esa conclusión final, en base a elo valorarán como pintar ese espazo.



Concello de Viveiro

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando unha discriminación que teñan delimitación as autocaravanas e o resto estea sen pintar.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que está de acordo.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D^a. Erea Rivera Vázquez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntándose que vai pasar coas festas, cuestión que se plantexa a xente na rúa, en concreto co Renacentista e o Naseiro. Solicita unha resposta aos veciños, xa que os rumores son os que son e aínda que e viu o mercado renacentista publicado en diferentes páxinas, non son as do concello.

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández Noriega, Concelleira de Benestar Social, Inclusión e Cohesión, Servizos Culturais e Dinamización Cultural, informando que a voceira do grupo do PP estivo na Mesa de Contratación do mercado renacentista. Informa que o mercado renacentista está confirmado. Comenta que Naseiro precisa dunha comisión, xa que non é unha festa que organize o concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa, considerando unha incongruencia que leven a pleno esa moción e pregunten polas festas, engadindo que se necesita aprobar o orzamento para todo iso. Remata pedindo coherencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 20:45 horas do día 5 de xuño de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

